



**Expediente nº 153/2023**

**Procedemento: Selección de persoal de limpeza das instalacións da piscina municipal**

**ACTA DO TRIBUNAL DE CONSTITUCIÓN PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DE  
LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL**

Reunidos no Salón de Plenos do Concello de As Nogais o 10 de xullo de 2023 ás 13:45 horas, os integrantes do Tribunal calificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección e contratación laboral temporal para o posto de limpador das instalacións da piscina municipal, e que está integrado por:

CARGO	IDENTIDADE
Presidente	Ana Belén Alba González
Secretaria	Sandra Díaz Álvarez
Vogal	Julio López Veiga

**ACORDAN**

**Primeiro.-** Constituír o Tribunal de Selección como órgano selectivo do proceso de convocatoria e probas de selección por concurso-oposición.

**Segundo.-** Como órgano de selección de persoal, queda suxeita ás normas aplicables en materia en materia de emprego público, concretamente o artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e como órgano colexiado administrativo ao artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.

**Terceiro.-** A pertenza a este órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación por conta de ninguén.

**Cuarto.-** Se se considera necesario, poderán disporse a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, de acordo co previsto na convocatoria. Devanditos asesores colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

**Quinto.-** Os membros da comisión permanente de selección de persoal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusalos cando concorran algunha das devanditas circunstancias.

Dáse por terminada a reunión ás 13:55 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto a presente acta e dou fe.








Concello  
**AS NOGAIS** (Lugo)

C.I.F.: P-2703700A · Rosalía de Castro, s/n · C.P. 27677

Teléfonos: 982 36 40 92  
982 36 41 90

Fax: 982 36 41 50

e-mail: [concelloasnogais@concelloasnogais.es](mailto:concelloasnogais@concelloasnogais.es)  
[www.concelloasnogais.es](http://www.concelloasnogais.es)

O TRIBUNAL	
	Presidenta, Ana Belén Alba González
	Secretaria, Sandra Díaz Álvarez
	Vogal, Julio López Veiga

